4. Tipoloxía dos residuos admisibles no Punto Limpo (tales como, residuos especiais, residuos municipais e asimilables e outros residuos)
5. Determinación do xestor autorizado
6. Descrición dos responsables ou responsables da instalación
7. Determinación do control do Punto Limpo
8. Rexistro
9. Funcionamento e xestión
10. Horario

De acordó con todo o anterior, sómese á consideración do Pleno da Corporación á aprobación seguinte;
CREACION DUN REGULAMENTO DE EXPLOTACION DO PUNTO LIMPO DO CONCELLO DE MEAÑO

Sinala a Sra. García Fernández que o seu grupo considera que existe a necesidade de que se conte con este regulamento, sinalando que axudará a convatir os verquidos incontrolados que se están a dar.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes quen sinala que, o seu Grupo apoía a proposta de moción presentada polo PSdeG-PSOE pero propón aproveitando a regulación deste servizo, amplialo dándolle aos veciños a posibilidade de recollida a domicilio.

Toma a palabra a Sra. alcaldesa quen sinala que, o seu Grupo apoia a proposta de moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, puntualizando que non obstante por vía de feito o punto limpo ven funcinando de xeito regulado aínda que non hai regulamento e puntualiza que o regulamento non vai a solucionar o problema dos verquidos incontrolados, que é unha cuestión de aptitude de quen o fai o verquido porque poderían depositar eses restos no punto limpo, aínda que a maior parte deles son xerados por veciños doutros municipios.

Toma de novo a palabra a Sra. García Fernández quen sinala que ahí entra a concienciación aos veciños engadindo que lle gustaría que se contase coa participación dos grupos da oposición na elaboración desta ordenanza para que sexa aprobada por maioría.

Toma a palabra o Sr. Varela Budelo quen subliña a importancia de exercer unha vixilancia continua para evitar os verquidos incontrolados porque a existencia de verquidos atrae outros.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade do doce membros presentes, acorda que se proceda a redacción dun regulamento de explotación do Punto limpo do Concello de Meaño.

15º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Aos efectos do control e fiscalización da xestión dos órganos de goberno a que



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

se refire o artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dáse conta ao Pleno das resolucións adoptadas pola Presidencia, no período comprendido entre o día 14 de febreiro a 27 de abril de 2017, números 44 a 139, sobre diversas materias:

Nº **Data**
Pagos / Económicas

52/381	20/02/2017	Relación de aprobación de facturas mes febreiro.
53/388	20/02/2017	Resolución de pagos.
56/399	21/02/2017	Relación de orden e transferencia de pago facturas mes de febreiro.
59/432	24/02/2017	Resolución de pagos.
66/490	28/02/2017	Aprobación da Liquidación do orzamento Municipal correspondente ao exercicio económico 2016.
67/491	27/02/2017	Expediente de incorporación de remanente de crédito 2017.
68/493	01/03/2017	Resolución de pago de nóminas do mes de febreiro.
72/529	06/03/2017	Resolución de pago.
79/577	13/03/2017	Marco presupuestario a medio prazo 2017-2020.
88/653	20/03/2017	Resolución de pagos.
91/685	21/03/2017	Relación de aprobación de facturas mes de marzo.
92/686	21/03/2017	Relación de orden e transferencia de pago facturas mes de marzo.
100/739	24/03/2017	Resolución de pagos.
111/821	03/04/2017	Resolución de pago de nóminas do mes de marzo.
116/896	06/04/2017	Resolución de pagos.
117/906	07/04/2017	Resolución de pagos.
126/962	18/04/2017	Resolución de pagos.
129/1006	20/04/2017	Informe de Intervención de análisis do Plan de axuste do 1º trimestre de 2017.
131/1016	21/04/2017	Relación de aprobación de pagos de abril.
133/1036	24/04/2017	Relación de orden e transferencia de pago de facturas mes de abril.

Padrón Municipal de Habitantes

44/330	14/02/2017	Inclusión no P.M.H. de R.A.M.V. e outros.
45/331	14/02/2017	Inclusión no P.M.H. de R.G.A.M. e outro.
46/332	14/02/2017	Inclusión no P.M.H. de R.F.A.M.
47/333	14/02/2017	Inclusión no P.M.H. de G.M.D.
48/334	14/02/2017	Inclusión no P.M.H. de R.M.V.
61/482	28/02/2017	Cambio de enderezo dentro do municipio de F.R.R.
62/483	28/02/2017	Inclusión no P.M.H. de L.V.M.A.
63/484	28/02/2017	Inclusión no P.M.H. de O.L.M.L.
64/487	28/02/2017	Inclusión no P.M.H. de P.R.M.
65/488	28/02/2017	Inclusión no P.M.H. de S.P.M.
70/519	02/03/2017	Cambio de enderezo dentro do municipio de S.C.D.
71/524	03/03/2017	Cambio de enderezo dentro do municipio de A.N.
73/535	06/03/2017	Inclusión no P.M.H. de B.L.F.
74/537	06/03/2017	Inclusión no P.M.H. de B.G.D.
80/595	14/03/2017	Inclusión no P.M.H. de J.H. e outros.
81/599	14/03/2017	Inclusión no P.M.H. de L.F.V.H.
82/601	14/03/2017	Cambio de enderezo dentro do municipio de S.C.R.
83/602	14/03/2017	Inclusión no P.M.H. de G.G.C.J.
86/646	17/03/2017	Inclusión no P.M.H. de M.A.M.I.
87/650	20/03/2017	Inclusión no P.M.H. de B.G.M.
93/706	22/03/2017	Inclusión no P.M.H. de D.F.R.
96/721	23/03/2017	Inclusión no P.M.H. de T.L.S. e outro.
97/722	23/03/2017	Inclusión no P.M.H. de R.G.D.
98/723	23/03/2017	Cambio de enderezo dentro do municipio de C.A.I.
110/815	31/03/2017	Inclusión no P.M.H. de S.S.M. e outros.
118/912	07/04/2017	Cambio de enderezo dentro do municipio de S.M.A. e outros.
119/913	07/04/2017	Cambio de enderezo dentro do municipio de S.S.J.
120/914	07/04/2017	Inclusión no P.M.H. de A.C.O. e outros.
121/916	07/04/2017	Inclusión no P.M.H. de C.H.A.M.
122/918	07/04/2017	Inclusión no P.M.H. de L.B. E. e outro.
134/1045	25/04/2017	Inclusión no P.M.H. de P.G.M.A.
135/1046	25/04/2017	Inclusión no P.M.H. de R.A.M.
136/1047	25/04/2017	Inclusión no P.M.H. de S.R.A.
137/1049	5/04/2017	Inclusión no P.M.H. de F.S.S.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

138/1050	25/04/2017	Inclusión no P.M.H. de L.S.M.
Varios		
49/359	16/02/2017	Autorización previa de tirada de fogos o 25 e 26 de febreiro en Xil.
50/367	16/02/2017	Requerimento de subsanación de documentación no expediente de contratación do servizo de axuda no fogar.
51/371	17/02/2017	Lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo convocado para a provisión dunha praza de auxiliar administrativo.
54/392	21/02/2017	Autorización previa de tirada de fogos o 25 de febreiro en Simes.
55/393	21/02/2017	Autorización previa de tirada de fogos o 17, 18 e 19 de marzo en Dena.
57/404	21/02/2017	Toma de coñecemento da sentenza nº 194/2016 ditada en relación co procedemento ordinario 249/2015.
58/420	23/02/2017	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca sita no lugar de Anqueiros, parroquia de Xil.
60/477	28/02/2017	Modificación de xornada no contrato de traballo profesor de Música.
69/495	01/03/2017	Delegación de celebración de matrimonio civil.
75/552	08/03/2017	Execución de muro en Quintás – Simes.
76/558	08/03/2017	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca sita no lugar de Mouzos, parroquia de Dena.
77/561	09/03/2017	Iniciación do expediente de contratación das actuacións de mellora na senda fluvial dos Muíños.
78/562	10/03/2017	Elevar a definitivo o acordo inicial de aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Bens Inmóveis de Naturaleza Urbana.
84/619	15/03/2017	Autorización previa de tirada de fogos o 21 de marzo en Lores.
85/636	17/03/2017	Autorización de celebración de verbena popular gratuído, ao aire libre os días 18 e 19 de marzo en Dena.
89/658	20/03/2017	Recoñecemento de actividade de pensión dunha estrela na R/ Salmés – Meaño.
90/659	20/03/2017	Solicitudes de licenza de primeira utilización.
94/709	22/03/2017	Execución de Actuacións de mellora na senda fluvial dos muíños no Concello de Meaño.
95/720	23/03/2017	Nomeamento dos membros das comisións de valoración para a selección para a contratación de traballadores desempregados ao abeiro do Plan Concellos 2016-Liña 3.
99/738	24/03/2017	Convocatoria da Mesa de Contratación para a adxudicación da explotación da tasca do muíño denominado O Ferreiro.
101/746	24/03/2017	Solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación de dúas naveas en Seiños – Dena.
102/748	27/03/2017	Aprobación do Plan de Seguridade e Saúde.
103/762	27/03/2017	Solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación de edificación en Vilarinho – Simes.
104/783	28/03/2017	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca sita no lugar de Campo da Braña en Xil.
105/788	28/03/2017	Designación de director e coordinador de seguridade e saúde.
106/789	28/03/2017	Iniciación do expediente de contratación da subministración dunha mini pala cargadora con cucharón – barredora.
107/802	30/03/2017	Lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, designación de tribunal e data de realización do primeiro exercicio no proceso selectivo convocado para a provisión, dunha praza de auxiliar administrativo para rexistro e padrón municipal de habitantes.
108/804	30/03/2017	Aprobación de memoria valorada reparación de parques infantís do Concello.
109/811	31/03/2017	Nomeamento e contratación de persoal laboral fixo, a xornada completa, de operario encargado de obras e servizos municipais, con carácter laboral fixo.
112/823	03/04/2017	Solicitudes de licenzas urbanísticas ou de intervención municipal de comunicación previa.
113/869	04/04/2017	Iniciación de expediente de orde de execución de limpeza de finca sita no lugar de Valdamor, parroquia de Xil.
114/880	05/04/2017	Iniciación de expediente de adquisición de terreos para praza pública e aparcamento en Dena-Meaño.
115/894	06/04/2017	Convocatoria de comisión de valoración para a selección de traballadores desempregados ao abeiro do Plan Concellos 2017 – Liña 3 Emprego.
123/935	17/04/2017	Autorización previa de tirada de fogos o 18 de abril en Cobas.
124/938	17/04/2017	Contratación de traballadores desempregados ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017 – Liña 3 Emprego.
125/939	17/04/2017	Expediente de contratación do servizo de prevención de riscos laborais nas especialidades de prestación técnica e vixilancia da saúde.
128/1004	19/04/2017	Autorización previa de tirada de fogos o 30 de abril en Dena.
130/1014	21/04/2017	Retirada de restos da viña que se atopan caídos sobre o camiño de acceso á fonte e lavadoiro de Laxe (Lores).
132/1028	24/04/2017	Cese de persoal eventual.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

139/1057

26/04/2017

Retirada de puntais metálicos no camiño de acceso á fonte e lavadoiro de Laxe (Lores).

O Pleno queda enterado das resolucións ditadas pola Alcaldía no período comprendido entre o día 14 de febreiro a 27 de abril de 2017.

16º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Sra. alcaldesa-presidenta maniféstalles aos membros da Corporación que antes de pasarlle a palabra ós voceiros dos grupos da oposición para que formulen os rogos e preguntas que consideren, procederá a dar resposta ás preguntas que quedaron pendentes de contestar en plenos anteriores.

No Pleno da Corporación de data 13 de febreiro de 2017, o voceiro do Grupo Municipal Agrupación de Electores Meaño Independiente, formularon unha serie de preguntas das que quedaron pendentes de resposta as seguintes cuestións:

1. Algún Concello veciño ven tomando medidas de aforro en algún dos suministros e gastos máis habituais do Concello como son Luz e Teléfono (por exemplo Meis aforrou máis de 100.000 euros en menos de tres anos coa intervención e asesoramento dunha empresa externa). Demandamos dende o noso grupo actuacións neste sentido. ¿Ten previsto levar a acabo algunha actuación para aforro nestes gastos?

Dende fai varios anos, estánse a levar dende o equipo de goberno varias medidas de aforro nos gastos habituais deste Concello.

Comenzáronse a substituír, fai varia anos, as luminarias do alumeadado público de 250 watos a 150 e a 100 watos. Dende o ano 2012, acollémonos a distintas liñas de subvención para implantar máis luminarias de aforro enerxético. Así, dita implantación tivo lugar na Rúa dos Colexios, Rúa Galicia, Rúa Ponte Dena, na Parroquia de Cobas, na Parroquia de Padrenda,...e na actualidade, seguimos a traballar para continuar implantando o novo alumeadado en todo o municipio.

En canto ás medidas de recorte de custos nos gastos habituais do Concello, estase a revisar o contrato de telefonía tras varias ofertas solicitadas a distintas compañías.

Por outra banda, acabamos de contratar o servizo TOKAPP SCHOOL, unha aplicación móbil de mesaxería que nos permitirá enviar mensaxes a veciños e usuarios de actividades, pais de nenos da escola de música, da escola infantil, actividades extraescolares.....que terán acceso á información xeral do Concello, evitando éste, un considerable número de chamadas telefónicas a diario.

2. Hai continúas queixas sobre o mal funcionamento do internet no IES Coirón-Dena (Meaño). ¿Pódese facer algo dende o Concello?



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Postos en contacto coa dirección de Centro de Educación Secundaria Obligatoria IES MEAÑO tras coñecer o problema, nos informan que o principal problema co funcionamento da conexión a internet, procede das múltiples caídas internas do seu servidor, xa que o Centro, dispoñía dunha velocidade de 3MG.

Comentado o problema coa Consellería de Educación, ésta dispúxose a instalar no Centro un sistema 4G para poñer fin ós continuos problemas.

Fai uns días, recibimos unha chamada da dirección do Centro para comunicarnos que a Xunta de Galicia acaba de facer unha adxudicación é empresa Orange-Jazztel para instalar no mesmo unha rede de alta velocidade.

3. ¿Qué medidas, materiais e persoais tomou esta alcaldía a pasada fin de semana con motivo da Alerta Vermella decretada pola Xunta de Galicia? ¿Houbo que atender algunha incidencia? ¿Con qué persoal?

As medidas adoptadas foron as propostas pola Xunta, neste caso suspender todas as actividades programadas ó aire libre.

Houbo que atender unha incidencia no Pavillón Municipal de Dena, no que por mor do temporal, se soltou unha chapa. A incidencia foi atendida polo operarios municipais e cos servicios dunha empresa.

4. Nos presupostos, está previsto unha cantidade por ingresos de multas de tráfico. ¿Qué cantidade se recaudou nos anos 2015 e 2016 neste concepto?

Adxuntase copia do extracto de contabilidade no apartado “Multas por infracciones de la Ordenanza de circulación”, dos anos 2015 e 2016.

5. Nas alegacións presentadas os presupostos, nomease unha RPT encargada polo Concello e vostede como alcaldesa. ¿É certo que se encargou? ¿Está feita? ¿Cal foi o seu coste? ¿Qué empresa á realizou? ¿Cómo se pagou? ¿Onde e qué utilidade se lle dou a ese informe?

Efectivamente foi encargada a unha empresa externa, denominada JL TUDO CONSULTORÍA DE ORGANIZACIÓN, por esta Alcaldía, a elaboración dunha RPT no ano. Unha vez presentada a proposta da Relación de Postos de Traballo, ésta supón un incremento xeneralizado e liñal de todo ó persoal que presta servizos nesta Entidade.

Con tal motivo, e de conformidade coa lexislación ata agora vixente, non se pode incrementar a masa salarial máis alá dos límites fixados anualmente na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o persoal, salvo aquelas adecuacións retributivas que, polo seu carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles, polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asinados ós programas, polo grao de consecución dos obxetivos fixados.....



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

Así as cousas, para o exercicio 2016, no artigo 19.2 da Lei 48/2015, do 29 de Outubro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016 dispónse literalmente: “No ano 2016, as retribucións do persoal ó servizo do sector público non poderán experimentar un incremento global superior o 1 por cento respecto ás vixentes a 31 de Decembro de 2015, en termos de homoxeneidade para os dos períodos da corporación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á ambigüidade do mesmo”.

Se acudimos ó apartado 7 de dito precepto atopamos establecido que: “O disposto nos apartados anteriores debe entenderse sen prexuízo das adecuacións retributivas que, con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos obxetivos fixados ó mesmo”.

Asímesmo, acudindo ó apartado 8 queda establecido: “Os acordos, convenios ou pactos que impliquen crecementos retributivos deberán experimentar a oportuna adecuación, devindo inaplicables as cláusulas que establezan calquera tipo de incremento”.

Por todo o exposto, na actualidade a tramitación da citada RPT atópase a espera de evolución destes mandatos así como dunha posible restructuración de postos que permita algunha amortización sen necesidade de reposición de efectivos.

Non obstante, no intre en que exista unha posibilidade legal que permita un aumento de custes superiores de persoal, volverase a retomar o tema.

6. A casa de cultura de Dena nos seus baixos presenta un deterioro lamentable (portas, humidades, carcoma....) que consideramos en parte máis grave ó ser acometida non hai moito tempo unha reforma nestas instalación. ¿Pensa facer algo?

No Centro Social de Dena, leváronse a cabo unha serie de obras de mellora fai uns anos. Concretamente, na planta baixa, ao instalar un ascensor, aproveitamos para facer uns baños novos, co cal se cambiaron as portas dos baños así como da aula que utilizan a Asociación Cultural Penaguda e a Asociación de Veciños Santa Lucía. Quedaron únicamente, tres aulas sin cambiar porque naquel momento, estaban en bo estado. Co paso do tempo, detectouse un problema de carcoma e encargouse a colocación das tres portas novas a unha empresa.

Cando fala de problemas de “humidades” entendemos que se refire a problemas de condensación. Con respecto a isto, a persoa encargada do Centro Social, está moi pendiente para adoptar as medidas necesarias; ter os deshumidificadores colocados, ventilar corretamente....

*** García Fernández:**

- Antes de nada gustaríanos exponer a seguinte reflexión sobre a celebración de este Pleno:



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

A semana antes da data ordinario do pleno, a alcaldesa chamou persoalmente aos portavoces dos grupos políticos para avisar da situación da secretaria-interventora e da imposibilidade de realizar o pleno ante a falta da Secretaria.

A nosa sorpresa producese, cando sen aviso algún, nos chegou a notificación do pleno que hoxe estamos a celebrar.

É moi disparatado pensar que da mesma maneira que se avisou que non se ía facer o pleno ordinario, se avisase da data exacta na que ía ser o pleno?

Acaso sólo se conta con nos cando podemos dar algún “problema”? Tan sólo se busca o acordo coa oposición cando a vostede lle da a gana? Qué tipo de criterio segue para relacionarse coa oposición? Depende do pé co que se levante?

Levamos tempo demostrando que co Partido Socialista se pode dialogar, que somos coherentes e buscamos o acordo, pero vostede, cos seus actos tira polo chan calquera ápice de acordo ou acercamento.

Estamos xa fartos desta bipolaridade á que nos intenta acostumar.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes quen sinala que ratifica esta reflexión

Sinala a Sra. alcaldesa que ao tratarse dunha sesión ordinaria considerou que procedía comunicarlle aos grupos da corporación que non se ía celebrar no día establecido. En canto á convocatoria fíxose coa antelación que sinala a lei e o día foi fixado unha vez que se tiveron preparados os asuntos.

ROGOS:

- Unha vez máis, solicitamos que se amplíe o acceso Ás Covas. Como ben sabe, é unha zona con moito tránsito de vehículos e persoas debido ao Colexio, ao Centro Médico e ao Centro Social Polivalente. Creemos que é necesario darlle resposta aos problemas e é evidente que ese é un foco de problemas e posibles accidentes. Deixen de mirar para outro lado.

- O ano pasado o Concello de Cambados firmou un Convenio con determinados concellos limítrofes para autorizar aos taxistas destes concellos a traballar na Festa do Albariño.

En Meaño contamos con taxistas que se merecen que o Concello negocie e acorde con Cambados a inclusión de Meaño neste convenio.

- Case pleno tras pleno, solicitamos que o Concello se faga cargo do mantemento AXEITADO da Ruta dos Muíños.

Sexan responsables e teñan en perfectas condicións a Ruta da que tanto presumen. Repoñan papeleiras, instalen farolas novas que funcionen, poñan vallas seguras e primen a seguridade dos usuarios ante todo. Non é de recibo que en plena Semana Santa a ruta estivera en total abandono en un estado de deixadez absoluto, no que o interese do Grupo de Goberno por promocionar o noso patrimonio e o noso concello foi NULO. Empecen a facer o seu traballo, que para eso están aquí.

Contesta a Sra. alcaldesa que considera que se está a levar a cabo un mantemento axeitado da ruta, concretamente no ano 2016 limpiouse sete veces e este ano tense previsto o mesmo mantemento e fai uns días iniciáronse as actuacións de mellora e reposición da ruta.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

- Rogamos que nas actas da Xunta de Goberno Local sexan máis precisos en canto a nomes de lugares se refiren. En moitas ocasións suelen coincidir os nomes dos lugares entre parroquias. *(Cortiñas)*

- No lugar Ganón, dende fai unhas semanas existe un avispeiro de avisipas asiáticas. En pleno anteriores informou que existía un número de teléfono no que avisar, pero creemos necesario que se publicite para que os veciños sepa a dónde acudir. Aproveitamos para rogar que se retire este avispeiro.

PREGUNTAS:

- Quén decide qué arbores e en qué data se podan? Os carballos situados no Parque de Constenla deben podarse antes de que se produza algún incidente.

- Na moción que presentamos para o pleno de febreiro do 2016 solicitábase a humanización da Área Recreativa de Cobas. Humanización da que dixeron que non era necesaria e que, posteriormente, incluíron nos Presupostos do 2017. Cando van levar a cabo a obra? Vaise contemplar a retirada das pedras do campo?

Contesta a Sra. alcaldesa que se ten solicitada unha subvención á Vicepresidencia, Consellería de Presidencia e Administracións Públicas e en canto se resolva se actuará.

- No pleno de outubro do ano pasado expuxemos o problema da Concesión da Área Recreativa de Os Pasales e a posible perda da concesión. Nese mesmo pleno se nos afirmou que se lle ía pedir un informe á Secretaría de Estado de Medio Ambiente. Xa teñen ese informe?

Contesta a Sra. alcaldesa que se solicitou este informe, que por parte do Servizo Provincial de Costas se solicitaron datos e estase a espera da contestación.

- En qué situación se atopa a expropiación da entrada de A Canle co motivo da mellora e pavimentación?

Contesta a Sra. alcaldesa que non se iniciou.

- Que vai pasar coa tasca do muíño do Ferreiro?

Contesta a Sra. alcaldesa que se requirirá a documentación necesaria para a adjudicación aos seguintes licitadores presentados, si non a presentan consideraranse retiradas as ofertas declarando deserto este concurso e convocarase outro por urxencia.

- Podería explicarnos o proxecto e destino exacto do Acondicionamento no entorno da Fonte de Laxe en Lores no que se van a dispoñer 18.486,50€? Podería explicarnos as obras efectuadas nesa mesma fonte nos últimos meses?

Contesta a Sra. alcaldesa que nestas actuacións contémpanse o acondicionamento do acceso e o entorno da fonte e lavatorio e inclúe a mellora do entorno, o pavimentado en pedra do acceso e a instalación do alumeadado. Engade a Sra. alcaldesa que esta obra iniciouse en novembro-décembro do 2015 con persoal



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

contratado ao abeiro do plan de emprego da Deputación, falouse cos propietarios da viña para acadar un acordo para que a retirasen do voo do camiño, empezouse a traballar nesta obras e apareceu tirada a viña, culpabilizando os propietarios da viña ao Concello e reclamándolle unha indemnización de entorno a 9.000,00 € tramitado o correspondente expediente de reclamación patrimonial o Concello resolve recoñecer o corte dun alambre por parte do persoal do Concello para poder realizar estas obras e unha indemnización de 100,00 €; actualmente teñen interposto un recurso contencioso-administrativo contra este acordo. Nesta fase en que a execución se lle adjudicou á empresa Construcións, Obras e Viais, S.A. xa houbo ameazas aos empregados da empresa por parte destes propietarios colindantes porque consideran que o acceso deles, así o pretenderon inscribir no Rexistro da Propiedade fai pouco sen éxito, e se lles vai inciar un expediente de recuperación de dominio en relación co camiño de acceso a fonte e labadoiro para que o deixe libres dos restos de materiais de viña e dos puntais e tubos que voan sobre o mesmo por canto o Concello considera que se trata dun camiño de dominio público afecto a un uso público polo común dos veciños.

- ¿Qué vai pasar co posto de asesoría?

- Nos medios de comunicación comunicouse que a Xunta ía efectuar unha ampliación de Trubisco (Depósito Vilanova), este proxecto establece o desdoblamento da tubería do Grove, ¿Cómo nos afecta? Cando se preveen as obras? Contéplase algunha medida para evitar colapsos ante os cortes no tráfico? Vanse a pedir garantías a Viaqua se sucede algún incidente en Meaño? A Xunta conta con 23 millóns de euros para investir en Saneamento, ¿Vainos tocar algo?

Contesta a Sra. alcaldesa que este asunto foi tratado pola Mancomunidade a semana pasada e en liñas xerais trátase de facer un desdoblamento en Troviscoso para dar servizo a Meis e Ribadumia e a Meaño non lle afectaría.

- Cómo se adjudicou a obra de Abuín a Covsa?

Contesta a Sra. alcaldesa mediante un contrato menor.

- Por último, poñemos no seu coñecemento a necesidade de establecer un protocolo para solucionar o problema que se formou ao deixar de abrir os sábados o concello.

O problema non é solo dos concelleiros que lles coincide o horario laboral co horario de apertura do Concello. Moitos veciños teñen o mesmo hándicap, tendo que solicitar horas libres ou días libres para poder realizar os trámites que necesiten, xa que o sistema de Rexistro electrónico aínda non está a funcionar. Non se pode eliminar un servizo sen antes darlle unha alternativa aos veciños.

Unha vez máisponse de manifesto a chapuzadas que se fan neste Concello.

*** Sr. Ásperez Montes:**

- Respecto das preguntas feitas en anteriores Plenos, En concreto no último, temos sen contestar o referente a RPT, Informe de Costas, Xustificante pago de multa Seguridade Social e outras. Esperamos resposta?. Puntualizando que algunha xa foi



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

contestada ao longo deste punto.

- A pregunta contestada respecto da incidencia na Praza de Abastos de Dena, non estamos de acordo coa resposta dada, onde dí que non hai incidencia algunha, xa que por parte dos usuarios (placers e clientes), nos manifestan, e así comprobamos, unha calor abafante en días de sol.

Foi necesaria segundo proxecto a instalación de ventilación? Porqué non se usa?

- Resaltar o éxito de varias andainas que se están a organizar tanto polo Concello coma por algunha Asociación. Están a supoñer un éxito de participación, e ademais ó Concello se aplica na preparación e limpeza das zonas a visitar (coma por exemplo na andaina da Asociación Penaguda nos Muíños de Xil e Mirador da Queimada)

Podería ser unha boa opción, e elevar a rogo, a organizar algunha máis dado o estado de cunetas, beiras de ríos Pasales en Dena, fontes,..

Contesta a Sra. alcaldesa que o Concello limpa as rutas con unha periodicidade para que se atopen nas mellores condicións pero con esa andaina coincideu que se limpara uns días antes.

- Respecto do representante do Concello nos diferentes Consellos Escolares dos colexios de Meaño e Dena (Primaria e IES), estase a asistir a todos as reunións deste organismo?

A cantas non se asistiu e por que motivos?

Contesta a Sra. alcaldesa que ultimamente o Sr. Casal Radio non puido asistir por razóns persoais pero desde a Alcaldía, como sempre, se mantivo un contacto directo cos equipos directivos dos centros para coñecer os asuntos a tratar nos consellos escolares aos que non se asistiu e as necesidades dos centros.

-A Mancomunidade do Salnés vai iniciar un Obradoiro Tecnolóxico.

En que vai a consistir o papel do noso Concello no mesmo?

Que obxectivo se lle vai pedir a este obradoiro, ademais da formación, para beneficio do noso Concello e veciños?

Na actualidade en que situación se atopa a nosa rede wiffi, a cal resulta evidente que non funciona. Está conectada e accesible?

Porque logo se lle pide os técnicos enviados pola Mancomunidade o diagnóstico desta rede wiffi e a súa reparación?

Rogamos a esta alcaldía que se fagan os esforzos precisos para comenzar a dar este servizo en todos os lugares públicos deste Concello, e deixar de ser o menos desenrolado dende o punto de vista de acceso a rede de internet.

Contesta a Sra. alcaldesa que o Concello de Meaño incluíu no módulo de xardinería-forestal as obras de mellora no porque infantil de Cachada do Río e no módulo de informática e comunicacións o análise e diagnóstico da rede wifi para estudar a situación actual das instalacións, funcionamento e ver como potenciala.

- Na obra da Fonte da Laxe en Lores, estanse a producir continuas incidencias



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

Vanse a rematar as obras segundo o último proxecto aprobado pola Xunta de Goberno? Por qué se iniciaron as obras sen consulta previa cós veciños, e posteriormente houbo que citalos a unha reunión?

Conta esta obra con todos os permisos sectoriais necesarios?

Contesta a Sra. alcaldesa que se van a acabar as obras, en canto aos regantes xa está aclarada a cuestión que xurdiu e o actual estanque quedará como está. Rematando que a devandita obra conta coas correspondentes autorizacións sectoriais.

-Estamos a comprobar, alertados por veciños, de varios verquidos de diferentes orixes e en distintos puntos do Concello. Xa son habituais os da zona dos Pasales e Seixiños e tamén Abuín no río da Chanca; sobre este en particular o Concello foi sancionado por algún organismo?

Ademáis podemos constatar outros, dos que adxuntamos unhas fotos, nuns montes do Concello e outros procedentes do “noso polígono”.

Sobre os primeiros non consideramos culpable do verquido o Concello, pero si de que durante días a situación persista sen solución

Respecto do segundo, nos estamos a preocupar dun posible e futuro desenrolo dun Polígono en Sanxenxo para beneficio de toda a Comarca, pero onde hoxe en día hai asentadas un importante número de empresas e traballadores, non se está a facer absolutamente nada para ó bo mantemento desta área. Os verquidos dos que falamos, son coñecidos polo Concello? Actuouse dalgunha maneira para que sexan evitables e non se repitan? Está aberto algún tipo de expediente informativo ou sancionador o respecto?

Contesta a Sra. alcaldesa que en relación co verquido ao río da Chanca procedente do colector de Abuín, por parte do Concello xa adoptaron as medidas que se consideraron máis axeitadas, unha vez consideradas varias alternativas, que foi mellorar o colector no tramo de Abuín coa realización dun tramo alternativo e non hai sancións contra o Concello.

En canto aos verquidos que se están a dar esporadicamente e que polos datos de que se dispón parece que proveñen dunha nave instalada no polígono de Nantes, este sábado en canto se tivo coñecemento do verquido por un veciño foille comunicado ao SEPRONA.

Puntualiza o Sr. Varela Budelo que están a verter os aliviaderos da EDAR, e que desde o Concello se debería facer por comprobar se a EDAR funciona correctamente.

- Solicitamos desta alcaldía que se posicione a favor e en apoio de manter na situación na que ata agora se atopaba o “Muiño do Crego”. Pensamos que é un dos referentes da nosa ruta dos muiños e débese facer todo o posible por parte do Concello para poder manter estas instalacións con acceso e dispoñibilidade. A pesar de ser unha instalación privada débese apoiar e buscar un acordo coa propiedade para poder disfrutar deste Muiño que sen dúbida é, insistimos, un referente.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Contesta a Sra. alcaldesa que lle parece un exceso a intervención que está a exercer Augas de Galicia en relación con este asunto e que desde o Concello se lle ofrece colaboración para intermediar con Augas de Galicia.

- Ademáis deste Muíño outro que é emblemático para o noso Concello e na nosa ruta dos muíños, é o Muíño do Ferreiro.

Queremos voltar a mostrar a nosa disconformidade, e nos caprichosa, do sistema de licitacións que se levan a cabo por esta alcaldía.

Falamos de promoción turística, e resulta que un dos bens patrimoniais do que dispón este Concello para unha promoción directa de Meaño, e xa ben recoñecida, incluso en artigos da prensa, fora do Concello, está agora inmersa nunha situación de "risa"

Non é posible que licitación tras licitación teñamos un problema enriba da mesa.

Hai erros (coma citar o Concello de Mondariz nas bases), que se poden considerar como anécdotas (xa haberá alguén que critique incluso iso), pero rogamos desta alcaldía se fagan os esforzos posibles para que o ocorrido neste caso non se vote a producir.

Débase dar unha seguridade a quen se queira presentar (non só un ano con posibles prórrogas) pero tamén ten que asegurarse o Concello de evitar aventuras que finalmente supoñen un agravio incluso para as arcas do Concello e garantir que quen se presenta ten detrás un proxecto real. Facemos unas bases restritivas en algún aspectos como datas e horarios de aperturas e peches, posibles sancións,... e logo hai que ir pedindo favores ou facendo favores (pedimos que alguén volva ou chamanos dende o Concello para a contratación de persoal para empresas adxudicatarias de servizos)

Contesta a Sra. alcaldesa que había unha concesión para a explotación da tasca que rematou ao cumprirse os catro anos, convocouse unha licitación e presentáronse tres licitadores, o licitador que acadou o primeiro posto vese que perdeu o interés porque no achegou a documentación requirida co que se requiriu á seguinte licitadora por orde de clasificación, e se finalmente queda deserta haberá que convocar por trámite de urxencia unha nova licitación. Os pregos teñen que cumprir a lei e esixe unhas condición mínimas, non obstante o que se pon de manifesto nesta licitación é a falta de seriedade de algúns licitadores polo que o que se está a considerar desde o equipo de goberno para a elaboración de próximos pregos é establecer a esixencia de constituir garantía provisional por parte dos licitadores para garantir o mantemento das ofertas.

- É certo que se chamou dende ó Concello para a contratación de persoal para a empresa adxudicataria do servizo de atención a domicilio?

Cónstalle que algunha traballadora estivese traballando algún día sen estar de alta na Seguridade Social?

Chámase ou chamouse dende o Concello para advertir a esta empresa que estaba a pagar por debaixo do pactado coas traballadoras?

Dende o noso grupo mantemos e rogamos para que dende o Concello se lle ofrezan esas horas a maiores de contrato ás traballadoras do noso Concello, xa que gañaríamos en calidade na prestación do servizo e en calidade de traballo para as traballadoras.

Contesta a Sra. alcaldesa que o Concello non interviu na contratación de persoal



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

pola empresa adxudicataria do servizo de axuda a domicilio, as relacións laborais que se establezan é unha cuestión particular entre a empresa e os/as traballadores/as. En canto á ampliación de máis horas de traballo ao persoal do Concello non ten fácil encadre no organigrama da prestación porque a atención de persoas en situación de dependencia recoñecida que se incorporan da lista de agarda ao servizo, que cubre a empresa, supón que en determinadas horas a carga de traballo non poida ser prestada a vez polas mesmas traballadoras o que determina a necesidade de non contar con mais horas senón con máis persoas. Por outro lado ampliar xornada para os fin de semá, a qué traballadoras se lle ampliaría, quen asumiría a xestión destas quendas, requiriríase máis persoal, etc..

- Que está a pasar coa obra do pavillón de Xil? Temos entendido que hai unha controversia (por chamala así) coa Deputación, que é parte nesta obra. É certo?. Si así fose rogamos non empece coa obra do campo de fútbol, non vaia a ser que nos meta os veciños noutra das súas obras que empezan e nunca rematan, e as cantidades para este son de tremenda importancia

De todas as maneiras queda constatada esa NON xestión da que tanto falamos, e que neste caso queda patente dende o día seguinte o temporal que causou o dano (licitación, marcha de empresas, a marcha das obras, paralizacións, seguridade,...)

A alcaldesa debe estar ó frente dos veciños, neste caso dos de XIL, e de todo o Concello, pero acaba estando enfrenteada a eles

- Que sabemos, ou en que situación esta o convenio co Concello de Sanxenxo? Canto levamos gastado? Sábese pola prensa, así o dí o alcalde de Sanxenxo, que está iniciando o proxecto de conexión con Paxariñas. Que nos pode dicir o respecto?

Que vai supoñer isto para o noso Concello (custes, paseo, renovación tuberías, verquidos,..)

Cal é a posición definitiva de Augas de Galicia? Houbo algún tipo de contacto directo con este organismo a razón deste asunto?

Cal foi a súa posición nese caso?

Si vostede ben defendendo que non é ninguén para prohibir a conexión a EDAR de Dena, que esperaría ós informes, que o informe de Augas de Galicia e negativo, a que ven agora a súa posición de que se ten que conectar en Dena o saneamento do Polígono de Sanxenxo? Porqué a súa insistencia neste sentido?

- Respecto da posición manifestada no pasado Pleno da Mancomunidade por parte dalgún representante de solicitar á Deputación a reversión a solicitarlle ó uso público destes edificios, a nosa postura que vai nesa liña e xa é ben coñecida por este Pleno e rogaríamos que así fose defendida por esta alcaldía.

Toma a palabra a Sra. alcaldesa, contestando en relación co convenio entre os concellos de Meaño e Sanxenxo, que o custo que lle supuxo ao Concello de Meaño a redacción ascendeu a 4.235,00 €. En canto á redacción do proxecto de momento 0,00 €. En canto a contactos con Augas de Galicia, coincidimos fai uns días o alcalde de Sanxenxo, a alcaldesa de Meaño e a Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Territorio en Ribadumia e plantexouselle este tema a vez que se lle pediu unha reunión formal quedando a espera. Non obstante o grupo de goberno non comparte o contido do informe xa que pon de manifesto certa incoherencia entre o actuado ata a data por Augas de Galicia e o informe, xa que foi Augas de Galicia quen informou favorablemente a autorización para a urbanización do parque empresarial no que se contempla este colector e a EDAR de Meaño foi construída para dar servizo a 35.000 habitantes, vertendo actualmente aproximadamente 15.000 habitantes, polo que se atoparía ao 50% da capacidade.

Replica o Sr. Ásperez Montes, preguntando por qué agora non convence o argumento de Augas e se quere que o polígono verta para a EDAR cando a ata agora se supeditaba a execución do colector ao informe de Augas.

Contesta a Sra. alcaldesa que diversos aspectos dos sinalados por Augas de Galicia non se poden compartir ademais si está suturada e porque algo lle está a pasar. Por outra parte este colector actuaría como aliviadoiro do actual colector de Meaño, actuaría como colector de desenvolverse solo industrial de Meaño nas proximidades do Polígono de Nantes e diminuíría os custos na execución da senda que temos previsto executar.

Rematando a alcaldesa que en calquera caso que si o proxecto do colector non prospera Meaño faría o sendeiro.

En canto ao Pavillón de Xil, a Sra. alcaldesa cédelle a palabra o Sr. Gondar Pintos, quen sinala que esta cuestión xa foi abordada no pasado Pleno e estase a espera dunha contestación formal por parte da Deputación Provincial para adoptar a decisión que se considere máis axeitada.

* Sra. alcaldesa


- Pregúntalle ao Sr. Ásperez Montes, de tódolos puntos que foron tratados neste Pleno qué asunto ocasionou desgobierno, como sinala na nota de prensa publicada en días pasados, non ter celebrado o Pleno ata hoxe. Puntualizando que este cambio de data de celebración do Pleno dou varios titulares.

Contesta o Sr. Ásperez Montes, sinalando que o seu grupo non é responsable do que escribe a prensa nin dos titulares que lle dan as noticias, que a él como voceiro o chaman e responde engadindo que o desgobierno non se debe ao aprazamento ou o retraso na celebración desta sesión senón o desgobierno se dá desde que tomou posesión como alcaldesa.

E ao non haber máis asuntos que tratar pola Presidencia levántase a sesión ás vinte e dúas horas e cincuenta e cinco minutos, estendéndose a presente acta que certifico, co visto e prace da Sra. alcaldesa.

Ve e Prace
A alcaldesa

Asdo. M^a Lourdes Ucha Varela





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com